


# CICLO DE INVERNO



## BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA *Santiago de Compostela*

### "TUBA CONCERTO"

18 XAN

HORA: 12:00  
LUGAR: TEATRO PRINCIPAL\*

DIRECTOR:  
JUAN MIGUEL ROMERO

\*Entrada libre ata agotar localidades



15 FEB



### "PAIXÓN POLA MÚSICA"

HORA: 12:00  
LUGAR: TEATRO PRINCIPAL\*

DIRECTOR: JUAN MIGUEL ROMERO  
SOLISTA: RAUL PEREZ ALVAREZ

\*Entrada libre ata agotar localidades

### "MÚSICA CON SABOR ESPAÑOL"

25 XAN

HORA: 12:00  
LUGAR: TEATRO PRINCIPAL\*

DIRECTOR:  
JUAN MIGUEL ROMERO

\*Entrada libre ata agotar localidades



20 FEB



### "UN CONCERTO A DÚAS BANDAS"

HORA: 20:30  
LUGAR: AUDITORIO DE GALICIA\*

DIRECTOR:  
JUAN MIGUEL ROMERO

\*Entrada libre ata agotar localidades

### "CONTOS E AVENTURAS"

8 FEB

HORA: 12:30  
LUGAR: TEATRO PRINCIPAL\*

DIRECTOR: JUAN MIGUEL ROMERO  
NARRADORA: PAULA CARBALLEIRA

\*Entrada gratuito previa retirada de entrada a partir do 27 de xaneiro



1 MAR



### "VOCES DE ZARZUELA"

HORA: 12:00  
LUGAR: TEATRO PRINCIPAL\*

DIRECTOR: JUAN MIGUEL ROMERO  
SOPRANO: MARTA MATHEU  
BARITONO: LLUIS SINTES

\*Entrada gratuito previa retirada de entrada a partir do 24 de febreiro

7 MAR



### "PEDRO E O LOBO"

HORA: 18:30  
LUGAR: AUDITORIO DE GALICIA\*

DIRECTOR: JUAN MIGUEL ROMERO  
CPIA DE TEATRO: FANTOCHES BAJ

\*Entrada gratuita previa retirada de invitacións dende o 19 de febreiro

# CICLO DE INVERNO

## "PAIXÓN POLA MÚSICA"

DIRECTOR: JUAN MIGUEL ROMERO LLOPIS



## BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA *Santiago de Compostela*

HORA: 12:00 H.

LUGAR: TEATRO PRINCIPAL\*

DIRECTOR: JUAN MIGUEL ROMERO

SOLISTA: RAUL PEREZ ALVES

\*Entrada libre ata agotar localidades

@BANDADESANTIAGO

BANDA MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



BANDA MUNICIPAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

@BANDADESANTIAGO



## I

### Carnival Overture

### Variations for oboe and Military Band

*Solista Oboe: R. Pérez Alves*

### Romeo e Xulieta

*Montescos e Capuletos*

### Salut D'Amour

### Caballería Rusticana

*(Intermezzo)*

*A. Dvorak*

*N. Rimsky Korsakov*

*S. Prokofieff*

*E. Elgar*

*P. Mascagni*

## II

### A Bela Galatea

*(Obertura)*

### Romeo e Xulieta

*(Obertura fantasía)*

*F. v Suppé*

*P. I. Tchaikovsky*

## BIO

### RAUL PEREZ ALVES

Raúl Pérez Alves naceu en Ourense (1995), onde iniciou os seus estudos musicais, no conservatorio de música profesional, na especialidade de óboe. No CMUS de Santiago de Compostela rematou o grao profesional de música. Hoxe continúa coa súa formación na Escola Superior de Música de Catalunya en Barcelona co profesor Eduardo Martínez Caballer.

Entre os premios recibidos, sinalar o primeiro premio no terceiro concurso de solistas do Conservatorio Profesional de Música de Santiago (2014), na categoría de xoven solista; Premio Extraordinario Fin de Grao do Conservatorio Profesional de Música de Santiago (2014).

Participou en encontros e concertos coa Orquestra Xuvenil Xovigo (2011), coa Xove Orquestra Sinfónica Vigo 430 (2013), coa Banda Sinfónica da Federación Galega de Bandas de Música Populares (2013), coa Banda Filharmónica do Salnés (2014).

Asistiu a cursos con Ismael Vaquero Baquero, Nick Deutsch, Pascual Osa, Enrique Meyer Pleite, Roberto Cuervo, e Eduardo Martínez.

É oboísta da banda de música A Lira de Ribadavia dende o ano 2010.

A música foi sempre considerada como unha linguaxe para expresar emocións ou estados de ánimo, pero dentro dun paradigma estético concreto estas connotacións vense maximizadas. Este é o caso do Romanticismo musical, onde o poético e metafísico despraza a razón, en favor da expresión do “eu”, o subxectivismo e a emoción. O romántico opónse ao racional e desde o artigo sobre Beethoven de E.T.A. Hoffmann en 1810 aplícase o termino romántico á música, aínda que referido a un trazo esencial antes que a unha época.

Desde esta concepción as obras que compoñen este programa considéranse románticas. A **Obertura Carnaval** de **A. Dvorak** (1841-1904) foi composta no 1892 durante a súa estancia en América e forma parte da triloxía Natureza, Vida e Amor, formada por tres oberturas, esta é a segunda delas e reflicte a capacidade entusiasta do ser humano. Compositor coetáneo de Dvorak, **N. Rimsky Korsakov** (1844-1904), compuxo en 1878 a súa **Variacións para óboe**, baseado nun tema do mestre nacionalista ruso M Glinka, a obra componse dun tema con variacións onde o óboe mostra todo o seu lirismo poético, neste caso a interpretación correrá a cargo do gañador do concurso de interpretación 2014 do Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela. En versión do tamén compositor ruso **S. Profkovieff** (1891-1953) entramos nunha das páxinas máis evocativas do triunfo do sentimento sobre a razón, neste caso dun dos sentimentos máis profundos, o amor. O celeberrimo amor de **Romeo e Xulieta**, esta páxina musical é unha das partes máis significativas desta composición, onde a loita entre emoción e razón e os sentimentos axitan á música en mostra dun amor imposible entre dúas familias rivais, os Montescos e os Capuletos. Pechará a primeira parte o intermezzo da ópera verista **Cabalería Rusticana** de **P. Mascagni** (1863-1945), sen dúbida unha páxina evocadora dos máis profundos sentimentos e que chega alá onde as palabras non poden alcanzar.

A segunda parte ábrese coa preciosa obertura da opereta de **F. v Suppé** (1819-1895) **A Bela Galatea**. Na trama argumental da opereta, o escultor Pigmalión namorouse tolamente da súa estatua Galatea, e polo tanto non quere venderlla a Midas, mecenas das artes. En lugar diso rézalle a Venus, a deusa do amor, para que a estatua cobre vida e o seu desexo é concedido, sucedéndose curiosas e divertidas situacións. O colofón do concerto volve sobre a historia de amor máis versionada e levada as diferentes artes e suxestionando a varios compositores, neste caso escoitamos a versión de **P. Tchaikovsky** (1840-1893), da súa **Romeo e Xulieta (obertura fantasía)** de 1880 axustándose perfectamente ao seu carácter melodramático.